

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 4 DE ABRIL DE 2013**

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:05 horas do 4 de abril de 2013, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnense no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, aos efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, , constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias, que se incorpora á sesión no momento que se di nesta acta

D. Miguel Neira Ojea

D<sup>a</sup> Natalia Álvarez Diéguez

D<sup>a</sup> María Mercedes Ana Moldes Ares

D. Luis Victorino Arias Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Julio Fernández Arias

D<sup>a</sup> María Irene Dacal Feijoo

D. Moisés Blanco Paradelo

D. Arsenio Moldes Gómez

D. Carlos Javier Crespo Díaz

D<sup>a</sup> Nieves Rodríguez Voces

D<sup>a</sup> María Estela Delgado Fernández

D. Antonio Melo García

D<sup>a</sup> Manuela Rodríguez Vázquez

D Vitor Manuel Sierra Nieves

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez.

Declarado aberto o acto polo sr. alcalde-presidente, fai uso da palabra e di que antes de dar comezo coa orde do día quere que conste en acta o recoñecemento da Corporación aos bombeiros, protección civil, ambulancias, policía, e demais servizos públicos que estiveron no incendio que tivo lugar fai uns días na rúa dos Nidos, pois se non se houbera actuado coa prontitude e celeridade coa que se actuou por parte desas empresas e servizos, puido ser realmente grave.

### **1º Acta do Pleno da sesión celebrada o día 7 de marzo de 2013.**

Pregunta o Sr. Alcalde si hai algunha observación que facer á acta da sesión celebrada polo Pleno o día 7 de marzo de 2013 e non formulándose ningunha, a devandita acta resulta aprobada por unanimidade dos dezasete membros do Pleno.

### **2º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda Contas e Promoción Económica de concesión de bonificación do I.C.I.O. a Pedro Núñez Moldes**

Di o señor alcalde que trátase dunha obra de reparación de cuberta na Vila do Castro, e dá conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda de 25 de marzo de 2013.

Non producíndose debate, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, o Pleno acorda:

**Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por D. Pedro Núñez Moldes (R.E. 26 de febreiro de 2013) de interese social e histórico artística, por concorrer circunstancias de edificación de interese municipal histórico artísticas e culturais.**

**Segundo: Proponer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% do I.C.I.O.**

Neste momento se incorpora á sesión o concelleiro Eduardo Ojea Arias

### **3º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda Contas e Promoción Económica de concesión de bonificación do I.C.I.O. a Dolores Diéguez Diéguez**

Di o sr Alcalde que trátase dunha obra que non está incluída dentro das características que así constan na ordenanza para concesión da bonificación e polo tanto o informe técnico e o ditame da Comisión Informativa de Facenda de 25 de marzo de 2013, do que dá conta, foi desfavorable á concesión da bonificación, por seis votos a favor e tres abstencións.

Concédeselle a palabra ó voceiro do grupo municipal do PP, o señor Blanco Paradelo, quen di que o seu grupo vai votar en contra pois presentan unha moción, que se debaterá despois nesta sesión, insistindo neste tema de que hai que sentarse a debater sobre posibilidades de estender esa bonificación. Di que non vai dar máis argumentación, pois as dará no debate, e que

votaran en contra pois lles gustaría que tamén fose bonificada a solicitude presentada.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por dez votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo e Sierra Nieves) e sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez ) o Pleno acorda:

**1.- A non declaración da obra solicitada por D<sup>a</sup> Dolores Diéguez Diéguez (R.E. 12 de marzo de 2013) de interese social e histórico artístico, por non concorrer circunstancias de edificación de interese histórico artístico e cultural, en base ó informe do Arquitecto Municipal.**

**2.- Proponer á Xunta de Goberno Local a non procedencia da bonificación do ICIO solicitada .**

#### **4º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 1/2013**

Di o Alcalde que se estiveron recoñecendo todas as facturas ata o 31 de xaneiro e posteriormente seguiron vindo facturas e que non ten ningún sentido que se aproben os presupostos do 2013 para aprobalas e poder pagalas canto antes. Di que son facturas por importe de 8.833€ que a maioría son pequenas facturas, que algunhas son de anos anteriores, e outras, a maior parte, porque chegaron no mes de febreiro. Di o señor alcalde que é unha situación que se repite todos os anos aínda, que cada vez menos, pero que haberá outros recoñecementos extraxudiciais, xa que ao día de hoxe xa hai uns recibos pendentes dos anos 2011 e 2012 de Telefónica, do internet que se colocou nos pobos e non chegaron as facturas aínda que se lle estiveron reclamando. Di que se está a falar de cantidades pequenas para todo un exercicio no que hai gastos duns oito millóns de euros e o recoñecemento extraxudicial é por importe de 8.833€, o que pon de manifesto que as previsións que se fixeron cando se presupostaron os ingresos e os gastos, estiveron bastante ben axustadas. Dá conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda, de 25 de marzo de 2013

Concédeselle a palabra ó voceiro do Grupo Municipal do PP, sr Blanco Paradelo, quen di que se está a repetir o mesmo argumento e que volve a deixar en evidencia a mala xestión do equipo de goberno, que o sr alcalde estivo xustificando e dándolle voltas pero o que non dixó é o que di o informe de Intervención que é que non existe crédito axeitado nin suficiente para aprobación de ningunha das facturas e que eso parécelle grave. Di o señor Blanco Paradelo que moitas veces escoitase neste concello que non queda ningunha factura por pagar e despois veñen facturas de fai dous anos, que as escusas que dá o alcalde non lle valen ao seu Grupo Municipal polo que van votar en contra. Di que ademais o informe de intervención é demoledor pois sinala que o alcalde ten que levantar un reparo suspensivo, e eso, para ver si nos decatamos todos, é que un informe de fiscalización desfavorable que vostede non soluciona corrixindo os erros senón que o fai levantando do reparo sen arranxar o problema.

Concédeselle a palabra ó voceiro do grupo municipal do BNG, señor Sierra Nieves, quen di que en primeiro lugar quere mostrar o apoio a todos os traballadores e traballadoras de Irosa que se están reunindo no edificio de enfrente e decidindo o seu futuro. Prosegue dicindo o concelleiro que en canto ó tema deste punto da orde do día, cre que dende que é concelleiro non houbo ningún pleno que non houbese un recoñecemento extraxudicial de crédito e que eso ven a demostrar que hai un grave erro na xestión económica do Concello, xusto cando o equipo de goberno se vanagloria de que a xestión económica é moi boa. Di o concelleiro que o alcalde, desde sempre, ven dicindo que non hai facturas dos anos anteriores, incluso nun debate nesta mesma sala sobre os pagamentos a Unión Fenosa, dixo que non quedaban facturas anteriores e agora ven con facturas do ano 2010, e que quere reiterar que lle parece un erro gravísimo na xestión.

Fai uso da palabra o sr. alcalde quen di que el falou das facturas de Telefónica do ano 2010 non de Fenosa, pois con Fenosa as facturas van vindo todas ao día, e insiste que nun gasto de máis de oito millóns de euros veñen a recoñecemento algo máis de oito mil euros, o que ao seu xuízo é algo insignificante, que o recoñecemento extraxudicial de crédito ven contemplado pola lei, pois facturas que entraron no rexistro por exemplo no mes de febreiro ou de marzo só se poden pagar mediante o recoñecemento extraxudicial, que o demoledor informe do interventor do que fala o señor Blanco, sinala, por exemplo, en relación coas facturas de Fenosa, que habería que facer un concurso público ao non haber ningún contrato de adxudicación coa empresa, pois o Concello do Barco estalle pagando a luz a Fenosa como todos os concellos galegos, e é verdade que habería que facelo, pero ningún concello galego o licitou pola súa complexidade, pero ó

final de oito millóns de euros de gasto oito mil euros veñen a recoñecemento e si esa é una xestión nefasta e demoledora, di o sr Alcalde, que veña deus e o vexa.

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo para dicir que o alcalde fala de oito mil euros, e eso é agora, pois cando se veña co presuposto seguro que haberá un novo recoñecemento extraxudicial de crédito, e que é o alcalde o que presume de que non hai gastos pendentes, que non quedan facturas no caixón, non como noutros concellos e que segundo se deduce do informe de intervención o concello presta servizos do ano 2010 e 2011 e non os paga, e que é claro que a figura do recoñecemento extraxudicial se contempla na lei e que si o concello presta un servizo en anos pasados debe pagalo.

Di o sr Alcalde que entón haberá que ir a pagar en man, e volve a repetir que hai facturas do 11 de marzo e hoxe, 4 de abril, estanse aprobando xa, é dicir, menos de 30 días desde que se presentou a factura, que coa cantidade de facturas que entran no rexistro do concello é imposible levar un control de si entran todas a primeiros do mes seguinte, e si algunha empresa non as presenta en data a responsabilidade será da empresa e non do Concello.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e oito en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez e Sierra Nieves) o Pleno acorda:

**1º.- Levantar os efectos suspensivos e solventar os reparos formulados pola Intervención nos seus informes de fiscalización de data 14 de marzo de 2013, que afectan á execución do gasto das facturas incorporadas na relación que constan no expediente, motivándose tal levantamento no inxusto prexuízo económico que se lle ocasionaría ós provedores que se pretende satisfacer si dita suspensión se mantivera.**

**2º.- Aprobar o expediente de Recoñecemento extraxudicial de crédito Nº 1/2013 polos gastos e a favor dos provedores que se detallan no listado de xustificantes de gastos que obra no expediente ( nº 2013 - 04) e que suma un importe total acumulado, salvo error ou omisión de 8.883,77 € brutos e 8.883,77 € netos.**

**5º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda Contas e Promoción Económica sobre acordo para exercicio potestade de reversión de inmovible cedido gratuitamente á Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia por acordo do Pleno de 4 de decembro de 2003.**

Fai uso da palabra o sr Alcalde e da lectura ó ditame da comisión de Facenda de data 25 de marzo de 2013. Prosegue o señor alcalde dicindo que despois de moitas conversas persoais e algunha escrita coa Xunta de Galicia pedíndolle que dixera qué quería facer coa Casa Río Cigüeño, unha vez disolta a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, sen ter resposta, o día 12 de febreiro de 2013 enviouse unha carta a Secretaría Xeral Técnica do Patrimonio da Consellería de Facenda e a AGADER na que se lles seguía insistindo neste asunto, prestándose o concello a ceder a edificación á propia Xunta si así o quería, pero unha vez máis non se tivo resposta, polo que o que procede é que o concello exerza a potestade que ten para pedir a reversión do inmovible e podelo dedicar a outro uso. Di o alcalde que o que se fai con este acordo é iniciar o expediente, notificándollo á Xunta e desa maneira ten que pronunciarse. Di que si a Xunta quere a casa para algún uso terá prioridade, que eso está claro, aínda que nada máis sexa polo respecto institucional que ten que haber entre a Comunidade Autónoma e o Concello, pero de todas formas o que teñen é que responder e dicir por escrito se queren o inmovible ou non o queren e para o uso que o pensan destinar, e no caso de non o queiran será o Concello o que ten que facerse cargo desa casa para podelo dedicar a algunha finalidade.

Concédeselle a palabra ó voceiro do grupo municipal do PP, sr Blanco Paradelo, quen di que ao seu Grupo parécelle ben que se cumpra a lei e van votar a favor do acordo, pois efectivamente cando se fixo a cesión era para destinalo a determinado uso e unha vez incumplida a esa condición a casa revertería ao Concello. Di que tamén lle parece ben que se mantexa esa prioridade sobre a Xunta, pois hai que lembrar que realmente foi quen rehabilitou e investiu moitos cartos nesa casa e se ó final faise cargo dela o Concello atópase cun edificio moderno, rehabilitado e con todas as condicións de uso. Di o concelleiro que estando de acordo quere lembrarlle ao sr Alcalde que hai que ter tamén a mesma dilixencia para outras cesión que hai, respectando sempre os acordos plenarios.

Concédeselle a palabra ó voceiro do Grupo Municipal Mixto, o concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, sr. Sierra Nieves, quen di que xa era hora de que o Concello asumira a potestade nese tema e que a Casa Río Cigüeño

volveuse a ser do Concello. Di o concelleiro que lle chama a atención o motivo de que sexa agora, pois podería ser fai un tempo e non agora, e que esperaba que o alcalde explicara nesta sesión qué proxectos ten o equipo de goberno para esa casa, porque se non hai ningún plan dende o principio esa casa vai empezar a ter gastos.

Fai uso da palabra o señor alcalde para dicir que hai que esgotar os tempos, pois primeiro tivo que desaparecer a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal, que foi moi posterior ao peche do centro comarcal, que era unha sociedade mixta de capital privado e capital público, e cando empezaron os trámites de disolución da sociedade o concello falou con responsables da Xunta, que todo eso explicouse na comisión informativa de facenda. Di o alcalde que, como xa dixo na anterior intervención, no mes de febreiro mandóuselle unha carta, para que constara con rexistro de saída, expoñendo as intencións do Concello e como non se recibiu resposta por parte da Xunta tráese a este pleno a reversión do inmovible. Di que xa no seu día explicou que a súa pretensión era que esa casa estivese aberta e non supuxera un custe engadido para o Concello, e que eso o segue mantendo e que en relación aos plans que ten para esa casa xa os explicou na comisión de facenda e agora non os vai a expresar publicamente por prudencia, que hai que facer as cousas ao seu tempo, primeiro a reversión e unha vez que estea en poder do Concello, debaterase nas comisións correspondentes a que se vai destinar o inmovible, intentando chegar a un consenso para que a dedicación desa casa sexa interesante para o Concello e para os veciños do concello.

Fai uso da palabra o sr. Sierra Nieves, para dicir que el sabe de catro ideas que o sr. alcalde expresou na Comisión, pero si se está a pedir ao Pleno que a Casa do Río Cigüeño volva a ser do Concello, co que está totalmente de acordo, o alcalde terá que ter unha idea da dotación de contido e terao que facer público.

Rematado o debate o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros, adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO: Iniciar o expediente administrativo para deixar sen efecto a cesión gratuíta de ben inmovible (cesión que non chegou e elevarse a escritura pública) e declarar incumprida a condición, que esixe o artigo 111 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, relativa a manter o destino durante os trinta anos seguintes ao fin que xustificou a cesión gratuíta do ben, e polo tanto exercer a potestade administrativa de reversión do ben cedido mediante acordo plenario de 4 de decembro de**

**2003 á Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia. Este ben inmueble atópase inscrito no Rexistro da Propiedade no folio 45, do libro 183 do Barco, Tomo 568 do arquivo, finca 21.029 e cuxa descrición é a seguinte: “URBANA: SOLAR, sinalado con el número cinco de la calle A Veiguiña, que mide unos tres mil seiscientos noventa y cinco metros cuadrados, con una casa, en mal estado de conservación, compuesta de planta baja, a cuadras y otros servicios, y planta alta, a vivienda, que ocupa unos setecientos sesenta metros cuadrados por planta. Linda, en conjunto: Norte e Este, resto de finca matriz; Sur, calle A Veiguiña; y Oeste Avda. del Bierzo.”**

**SEGUNDO: A incoación deste expediente supón a interrupción do prazo para o exercicio da potestade de reversión.**

**TERCEIRO: Notificar á AGADER e a Xunta de Galicia o inicio do procedemento de reversión, dando audiencia para que, polo prazo de dez días dende a notificación desde acordo, aleguen e presenten os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.**

Di o sr Alcalde que a partir do seguinte punto e ata o 10º punto, ao non pasar pola Comisión informativa respectiva antes da convocatoria do Pleno, ten que ser ratificada a súa inclusión na orde do día.

**6º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición da Alcaldía relativa a destinar o canon de conservación-renovación do contrato de concesión do servizo público municipal da piscina climatizada a determinadas obras.**

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o Sr. Alcalde fai uso da palabra e di que como xa explicou na comisión informativa de obras, a concesionaria da piscina ten que reservar un canon de 30.000€ todos os anos, para facer unha especie de bolsa de reserva para posibles obras que haxa que facer na piscina climatizada e ata o día de hoxe cando había que facer obras na piscina comunicábaselle por escrito á empresa para que as fixera e ían con cargo ao canon. Di o alcalde que o secretario da corporación entende que como o órgano de contratación da concesión da piscina foi o Pleno todas as obras que se ordenen facer con cargo ao canon tenas que aprobar o Pleno, e é polo que se trae este acordo para aprobar polo Pleno e ratificar a orde que se lle deu á empresa para realizar as obras que xurdiron na piscina climatizada. Di que tamén hai un informe do arquitecto municipal para ratificar todas as obras que a concesionaria fixo con cargo ao canon, concretamente obras de



mellora das duchas que ascenderon a 14.007€ eliminación de rede do chan que ascendeu a 2.387€ e obras de reparación na caldeira por importe de 3.051€ A estas cantidades sumárianse os 24.147€ que é o custe da reparación eléctrica e os gastos que se deriven das memorias, informes, etc. que se pediron relacionados coas últimas obras, como ven reflectido na proposta que se fai. O Presidente fai lectura da proposición presentada.

Concédeselle a palabra ó voceiro do grupo municipal do PP, sr Blanco Paradelo, quen di que parece que se estea a falar dunha instalación con vinte ou trinta anos pero que se está a falar dunha instalación deportiva que se inaugurou no ano 2010 e que xa transcorreu o período de garantía do aval, e que despois seguíronse facendo obras, e que é inaudito o que está pasando con esta instalación. Di o concelleiro que á vista dos informes e vendo a propia proposición da Alcaldía, a maioría deles tanto municipais como os emitidos polas empresas externas ás que se lle pediron, falan de deficiencias, instalacións incorrectas, pero que se fixeron unha vez que xa tiña a empresa a acta de recepción polo que a responsabilidade era municipal, que eso é o que non se di. Prosegue o sr. Blanco dicindo que non se contemplan na redacción do contrato as obras que se pretenden imputar ao canon, polo que os tipos de gastos que se citan non se deberían de incluír nese canon, e a responsabilidade única de facer fronte a eses gastos sería de empresa e senón do Concello, pero non procede incluílos no canon xa que está para outras cousas. Di o concelleiro que quere recordarlle ao sr. alcalde que, segundo o contrato, dentro da primeira semana do mes de setembro de cada ano de concesión, o adxudicatario deberá acreditar o ingreso de dotación do canon, e que segundo os informes dos servizos técnicos non consta que eso sexa así. Remata o sr. Blanco dicindo que o seu grupo non vai votar a favor de que se utilice o canon para eso, pois entenden que non se adapta ós supostos que prevé o contrato.

Concédeselle a palabra ó voceiro do Grupo Municipal Mixto, o sr. Sierra Nieves, quen di que ó sr alcalde quedoulle por explicar que a obra por moito que se faga con cargo ao canon non significa que non saia do Concello e que, como dixo o voceiro do PP, non queda claro que o canon sexa para esto. Di o concelleiro que está claro que hai responsables e o concello debería emprender accións legais contra os técnicos responsables que avalaron toda a obra.

Fai uso da palabra o sr. alcalde que di que o sr. Sierra sabe que o Concello vai esixir todas as responsabilidades neste tema, pero que eso se fará con posterioridade e que pola intervención do voceiro do Grupo Municipal do P.P., parecía que a quen defendía era á Consellería de Deportes, que foi

quen fixo a obra, pois o Concello non é culpable de que entrara auga polas canalizacións eléctricas e das deficiencias detectadas, que el está para defender os intereses do Concello e o primeiro que hai que facer é resolver o problem e que nun informe do arquitecto se di que, segundo o seu punto de vista, as obras que se teñen que realizar encaixan no canon, pois enténdese que son obras de reparación aínda que non son polo uso, pois ninguén pensaba que a obra tivera deficiencias. Prosegue dicindo que se vai reclamar onde haxa que reclamar e logo daranlle a razón ó Concello ou non lla darán, e se a dan alguén terán que indemnizar os gastos feitos e se non a dan estarán corrixidos os danos e a instalación funcionará correctamente e con seguridade para os cidadáns. Di que a empresa pagará o que é da súa responsabilidade que así se lle dixo claramente no escrito que se lle enviou, pois no canon solo van as obras do sistema eléctrico da instalación, e o demais correspóndelle a Aquagest a súa costa, non á do Concello.

Fai uso da palabra o voceiro do P.P., sr Blanco Paradelo que di que o seu Grupo pide que non se quede nunha ameaza de levar este tema aos Xulgados, que se faga caia quen caia, que ó final do primeiro ano do prazo de garantía da obra o concello informou favorablemente a devolución do aval á empresa construtora e a partir desa data todos os problemas que van xurdindo son coa posta en servizo da instalación deportiva e que a maioría dos informes agás o que presenta a propia empresa coinciden en que os problemas veñen derivados por actuacións realizadas con posterioridade.

Di o sr. Alcalde que non é certo que na maioría dos informes se diga que os problemas proveñan de actuacións feitas con posterioridade.

O sr Blanco Paradelo fais uso da palabra para dicir que ten o apoio do seu Grupo para acudir aos xulgados, caia quen caia, aínda que no presente punto van votar en contra, e que non se debe esquecer que se está a falar dunha instalación do ano 2010.

Fai uso da palabra o sr. Sierra Nieves, que di que o alcalde sempre vai ó demagóxico, e que as formas embarran a mensaxe e que o edificio ten varios erros de construción e polo tanto ten responsables e que o que non se sabe é como están eses usuarios da piscina en canto a compensacións, a parte de non ter que pagar eses meses que a piscina está pechada.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que o responsable de todos os defectos que ten a obra non será o Concello, pois o único que fixo foi recibir a obra, e que non se pode esquecer que as obras teñen un director que é o responsable e que non foi nomeado polo concello. Di que os

problemas comezaron despois de que o Concello recibira a obra, que xa se explicaron os problemas polo arquitecto na Comisión de obras e nesta sesión o que se fai é repetir o que alí se dixo, di que saía moita máis auga da prevista polo redactor do proxecto do vaso e os buracos polos que baixaba a auga non daban abasto, e que a auga continuaba ata a parede dende onde chegou á canaleta do aire acondicionado, polo que se fixo unha obra de emerxencia, que pagou o concello, pero que non quedou ben e ordenouse a Aquagest que arranxara o problema e que a partir de aí funcionou todo máis ou menos, que se fixeron informes pero na Consellería non quixeron recoñecer a responsabilidade que puidera ter a empresa constructora ou a empresa subministradora do material, que vaise a gastar diñeiro para intentar que lle dean a razón ó Concello, pedindo unha proba de calidade, que neste caso o avogado non vai custar diñeiro pois o paga o seguro que se fai cargo dos gastos e da defensa xurídica.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo), sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez ) e unha abstención (do concelleiro Sierra Nieves) o Pleno acorda:

**Primeiro: destinar ó importe dos canons fixos anuais acumulados de conservación-renovación que prevé o prego de cláusulas administrativas que rexeu a adxudicación do contrato de xestión de servizo público da piscina climatizada municipal, modalidade concesión, e o propio contrato administrativo, formalizado o 23 de febreiro de 2010, entre o Concello do Barco de Valdeorras e AQUAGEST (Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua S.A.), aos gastos derivados da execución das obras definidas na Memoria valorada asinada polo enxeñeiro industrial Domingo Balboa Franganillo, cun orzamento de execución por contrata de 24.147,12 euros, e aos demais gastos relacionados con estas obras, tales como memorias, informes externos e proxectos que sexan precisos para a correcta execución das obras e nova posta en funcionamento do servizo público municipal da piscina climatizada.**

**Segundo: este acordo adóptase tendo en conta a especial urxencia que esixen as obras que se teñen que realizar para permitir que se volva a prestar o servizo público da piscina climatizada municipal, sen prexuízo das correspondentes accións de toda orde (administrativas**

e/ou xudiciais) que poida realizar o Concello para reclamar os custes das actuacións que se van a acometer, o custe dos danos causados nas instalacións municipais, os danos e prexuízos ocasionados a esta administración pola interrupción da prestación do servizo, fronte aos distintos axentes que participaron na redacción dos proxectos de obra da instalación da piscina municipal, aos correspondentes axentes que asumiron a dirección da obra da instalación e á empresa adxudicataria das obras da instalación e a actual adxudicataria da explotación da concesión do servizo público, segundo proceda.

**7º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición da Alcaldía relativa a concesión de bonificación do ICIO a Rafael Ojea Álvarez.**

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o sr. Alcalde di que se trata dunha obra de rehabilitación dunha casa en Xagoaza e que ó estar no núcleo rural tradicional procede a bonificación do ICIO.

Non producíndose debate, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes o Pleno acorda:

**Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por D. Rafael Ojea Álvarez (R.E. 28 de febreiro de 2013) de interese social e histórico artística, por concorrer circunstancias de edificación de interese histórico artísticas e culturais.**

**Segundo: Propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 75% do ICIO, tendo en conta que a base para o cálculo é o orzamento da obra pendente de executar, é dicir, 20.100,41 €**

**8º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición da Alcaldía relativa á corrección de erros na acta da sesión de 7 de febreiro de 2013.**

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o sr. alcalde di que é unha corrección de erros da acta plenaria do 7 de febreiro de 2013 na que consta o pésame polo pasamento do pai da concelleira Sra. Rodríguez Vázquez e por erro consta que non foi o seu pai o que faleceu. Di o Alcalde que non se puido facer a corrección no pasado pleno porque detectouse o erro máis tarde.

Non producíndose debate, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes o Pleno acorda:

**1º A corrección do erro material existente na acta do Pleno de 7 de febreiro de 2013, ó comezo da sesión ordinaria, de xeito que onde di “o pesar do pleno polo pasamento da concelleira Manuela Rodríguez Vázquez” pasa a dicir “o pesar do pleno polo pasamento do pai da concelleira Manuela Rodríguez Vázquez”.**

**9º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición da Alcaldía para modificar e refundir o regulamento do servizo público de O.R.A.**

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o Sr. Alcalde di que estase a punto de rematar o expediente, a falta dos informes de Secretaría e Intervención, para sacar a concurso a concesión do servizo público de O.R.A. Di o alcalde que a proposta dos servizos técnicos, debido ás modificacións que se introduciron e pretenden introducir no regulamento o correcto é refundir todas as modificacións nun novo texto e sobre todo adaptar o regulamento ás pequenas variacións que se produciron, polo que se propoñen unha serie de modificacións das que dá conta o alcalde.

Concédeselle a palabra ó voceiro do Grupo Municipal do PP, sr. Blanco Paradelo, quen lle pregunta ó alcalde si non se esqueceu dalgunha cousa por dicir. Di que pensa que perdeu unha oportunidade estupenda para primeiramente pedir desculpas e despois para dar explicacións de porque estase cun servizo que ten caducado o contrato dende o ano 2009, é dicir, que parece que neste concello pódese ter un servizo contratado no ano 2005, por dous anos, prorrogable por unha sola vez, como di o contrato, por dous anos máis, e desde xullo de 2009 no hai contrato, vai facer catro anos deso e non pasa nada, pero si mañá un veciño pásase un día no prazo de pago dun recibo xa ten o recargo correspondente. Di o concelleiro que sen contrato ampliou a Zona O.R.A. novas rúas, o que é ilegal ó non haber contrato en vigor. Prosegue dicindo o sr. Blanco que a empresa concesionaria do servizo da O.R.A. parece unha ONG pois ó finalizar o contrato no ano 2009 empeza a dar perdas pero segue co servizo. Pregúntalle o concelleiro ó sr Alcalde si pensa que o concello é a súa casa, pois pasaron catro anos desde a finalización do contrato e segue a privatización do solo público para aparcar e o concello non di nada, aínda que agora quereselle dar visos de legalidade con este regulamento. Prosegue o voceiro dicindo que tamén se

quixeron cambiar as tarifas pero que os técnicos lle indicaron que non se podían cambiar ó estar o contrato caducado, aínda que esa caducidade non impediu a ampliación de rúas, e non pasou nada, e por riba o alcalde non deu nin dá explicacións do tema e que o primeiro que ten que facer o alcalde é rescatar a concesión automaticamente, pois o feito de estar catro anos sen contrato é un moi grave.

Concédeselle a palabra ó concelleiros sr. Sierra Nieves, quen di que nos cambios que hai no regulamento proposto elimínanse rúas, que aínda que lle parece ben non sabe cal é o motivo da súa eliminación, que o seu grupo está desconforme co cambio dos períodos de expedición das tarxetas de residente xa que lles gustaría que existira tamén a posibilidade de tarxetas por medio ano, que no novo regulamento está recollida a proposta feita polo BNG en relación con facilitar a anulación das multas con distintos prezos en función do tempo, parecéndolle que agora xa non hai tanto afán recadatorio, que cre que o regulamento mellora pero que vai supoñer unha subida de prezos, que o alcalde estivo retendo á empresa concesionaria, que leva anos sen contrato, para agora de tapadillo parece que quere favorecela e que dentro de pouco vai haber un concurso e que el sabe quen vai a gañalo como moitos dos concursos que fai este concello, que non soamente el senón que todos os cidadáns e cidadás do Barco saben quen gañan os concursos públicos neste concello.

O sr. Alcalde fai uso da palabra para dicir que o que acaba de dicir é dunha gravidade que non afecta ao alcalde senón que afecta aos concelleiros do PP e aos antigos concelleiros do BNG, que os dous grandes concursos que tivo o concello do Barco, o da recollida do lixo e o da concesión da piscina climatizada, tanto prego de cláusulas administrativas como a adxudicación fíxose por unanimidade, polo que haberá que pensar que o sr. Sierra non está acusando soamente ao alcalde senón aos dezasete concelleiros que naquel momento formaban parte deste Concello, que todos os contratos de obras nos que hai mesa de contratación está representado o PP e que falta a primeira adxudicación na que haxa unha observación por parte do PP á proposta de adxudicación que se fai, que o que acaba de dicir o sr. Sierra é unha falsidade e que a quen deixa en mal lugar é ao voceiro do BNG, que en relación ao que dixo o sr. Blanco na súa intervención, é verdade que este regulamento tería que haber saído antes pero que o alcalde non se escuda nos técnicos e senón que lle pregunte ao arquitecto municipal ou ós demais técnicos si o alcalde puxo ou quitou unha coma nos textos, e ademais os datos que se lle pediron á empresa e os que quedaron reflectidos no prego técnico non se parecen en nada aos que, en definitiva, se incluírán nos pregos, tanto económico como administrativo. Remata o sr. alcalde dicindo

que todas as suxestións propostas nas comisións de Obras recolléronse neste regulamento, como se fixo sempre con este tipo de pregos.

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo, voceiro do PP, e di que o sr. Alcalde non contestou a nada do que el preguntou nin deu explicacións, e que evidentemente o seu grupo vai votar en contra, que o que lle pide ó alcalde é que se cumpra os contratos que firma, que cumpra as normativas e que faga cumprir as ordenanzas, que é o seu deber como alcalde pois ten instrumentos para facelo e non o fai.

Fai uso da palabra o voceiro do BNG, sr. Sierra Nieves, quen di que o alcalde cando está contra a espada e a parede implica a concelleiros e concelleiras como ao sr. Blanco, o que lle sorprende, que cando fala de que sabe quen gañará os concursos públicos, non só fala dos concursos grandes senón de todo tipo de concursos, que todos saben como funciona as contratacións do Concello, pois non fai moito houbo contratacións e nos foros de internet circulaba o nome da persoa contratada, ademais que todos saben como funciona a oficina de emprego deste Concello que en canto sae unha escola obradoiro e se solicitan persoas ao INEM e dese organismo sae unha lista, os técnicos deste Concello chaman a quen queren da lista.

Interrompe a quenda de palabra do sr. Sierra Nieves o sr. alcalde para dicir que non lle permite ó sr. Sierra Nieves que poña en dúbida a honorabilidade do persoal que traballa no Concello, que o que di é falso, e que lle retira o uso da palabra se segue por esa liña, pois está falseando as cousas e poñendo en dúbida a honorabilidade e o traballo dos técnicos do Concello e eso non llo permite. Di que o sr. Sierra pode arremeter contra o alcalde, e eso está permitido porque así é o xogo político pero que non pode vir ao Pleno a faltarlle ao respecto aos técnicos e aos traballadores do Concello. Di o alcalde que todas as persoas inscritas na lista que enviou o INEM foron citadas no salón multiusos do Concello para entregarles a documentación e coa supervisión dos técnicos da Consellería de Traballo, que foron os que se levaron os papeis para Ourense e decidiron eles e que non lle vai a permitir que no Pleno se atente contra o traballo e a credibilidade dos traballadores do Concello.

O sr. Sierra Nieves, fai uso da palabra para dicir que cando se fala de que a política é unha cousa e a xudiciabilidade outra.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso

Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo), sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez ) e unha abstención (do concelleiro Sierra Nieves) o Pleno acorda:

**Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento municipal do servizo público de ordenación e regulación de aparcadoiro de vehículos na vía pública (aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión de 2 de decembro de 2012 e publicado no B.O.P. núm. 297, de 28 de decembro de 2004) que, coa entrada en vigor desta modificación, quedará redactado segundo o texto que obra no expediente e que se transcribe como anexo.**

**Segundo: Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición de anuncio do presente acordo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expoñer as reclamacións que estimen oportunas.**

**Terceiro: Considerar definitivamente adoptado o acordo, no suposto de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado.**

#### **ANEXO: REGULAMENTO DO SERVIZO PÚBLICO DE ORDENACIÓN E REGULACIÓN DE APARCADOIRO DE VEHÍCULOS NA VÍA PÚBLICA (O.R.A.)**

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A escaseza de solo dispoñible con destino a aparcadoiro e o aumento do parque automobilístico da vila do Barco de Valdeorras nos últimos anos, determinaron o establecemento dun servizo público municipal de estacionamento de vehículos na vía pública, co fin de conseguir a satisfacción do interese público mediante unha distribución racional e equitativa dos estacionamentos entre todos os usuarios e para proporcionar aos cidadáns un maior benestar e unha mellor calidade de vida.

Como presuposto indispensable para a prestación do servizo procedeuse á aprobación do regulamento regulador deste ( BOP n.º 297 do 28 de decembro de 2004 ).

O citado regulamento foi obxecto de diversas modificacións ( BOP n.º 161, de 15 de xullo de 2005, BOP n.º 170, do 26 de xullo de 2006, BOP n.º 231, do 6 de outubro de 2010, BOP n.º 154, do 11 de xullo de 2011 e BOP n.º 63, de 16 de



marzo de 2012 ) coa finalidade de ir adaptándoo ás novas necesidades xurdidas ao longo da vida do servizo.

Por iso, e tendo en conta a conveniencia de incluír nun único texto todas as modificacións para maior claridade e seguridade xurídica dos cidadáns, de conformidade co disposto nos artigos 4.1 a) e 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como en virtude das facultades que confire aos Concellos o artigo 38.4 en relación co 7, 39.2, 53, 65, 70 e 71 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial (modificado por Lei 19/2001, do 19 de decembro), e os artigos. 90.2 " in fine", 93, 154 e 171 do Regulamento Xeral de Circulación aprobado por Real Decreto 1428/2003 do 21 de Novembro, dítase o presente texto refundido Regulamento, cuxo contido é o seguinte:

**Artigo 1º. –**

Establécese no Municipio do Barco de Valdeorras, con incidencia e aplicación unicamente na súa capitalidade, o servizo de estacionamento regulado de vehículos na vía pública (O.R.A.), cuxa ordenación e regulación de aparcadoiros se regula a través do presente Regulamento.

O establecemento do devandito servizo ten por obxecto ordenar e mellorar os estacionamentos de vehículos que, como consecuencia do desenvolvemento e incidencia do tráfico rodado, se produzan nas vías públicas que se indican, nas cales se establecen medidas coa finalidade de que o devandito obxectivo se cumpra

**Artigo 2º. –**

Esta regulación implica a limitación do tempo de estacionamento na vía pública, con localización das zonas e o seu ámbito territorial de aplicación.

**Artículo 3º.-**

A zona do municipio que regula este servizo público denomínase zona O.R.A. (Operación Reguladora de Aparcadoiro), e comprende as seguintes vías urbanas:

Conde Fenosa  
Marcelino Suárez  
Manuel Quiroga ( ata rúa Cantón )  
Eulogio Fernandez  
Abdom Blanco  
Estacion  
Eloy R. Barrios ( dende rúa España ata rúa Estación )  
España  
Balorca  
Praza do Príncipe  
Academia Dequit

Jose Otero

Malecon ( zona casino )

Perez Lista

Pescadores

Alvaro Cunqueiro

Rúa As Airas, praza As Airas e ou seu contorno, Rúa San Roque e rúa Real, exclusivamente para residentes.

Todas estas vías públicas poderán ser reguladas en zona única ou en distintas zonas e subzonas en función do mellor aproveitamento das mesmas.

Exclúense os espazos reservados para vaos, carga e descarga ás horas sinaladas, mercados ao aire libre durante a celebración destes, estacionamentos de minusválidos, reservas oficiais, paradas de bus e taxi, servizos de urxencia, rúas peonís ou tramos de rúa onde estea prohibido o estacionamento.

Poderán destinarse determinadas rúas ao uso exclusivo de residentes.

#### **Artigo 4º. –**

O Servizo Público O.R.A. prestarase conforme ao seguinte horario:

De Luns a Venres de 10:00 a 14:00 e de 16:30 a 20:30 horas.

Sábados, de 10:00 a 14:00 horas.

Domingos e festivos: libre.

Facúltase á Alcaldía a modificar, ampliar ou reducir o devandito período de xeito transitorio e por razóns de interese público debidamente xustificadas.

#### **Artigo 5º. –**

O tempo máximo que un vehículo pode permanecer estacionado en zona O.R.A. na mesma vía durante o horario de actividade do servizo público é de 125 minutos se se utiliza ticket ou parquímetro particular autorizado.

Quedan excluídos:

- a) Os vehículos de residentes que poden estacionar sen límite máximo de tempo nas súas zonas ORA respectivas de conformidade co previsto nesta Ordenanza.
- b) As motocicletas, ciclos, ciclomotores e bicicletas.
- c) Os vehículos estacionados en zonas reservadas para a súa categoría ou actividade.
- d) Os vehículos nos que se estean a realizar operacións de carga e descarga, na zona sinalizada a tal fin, e dentro do horario marcado, ou ben, fóra da devandita zona, sempre que a operación teña unha duración inferior a cinco minutos.
- e) Os vehículos autotaxis cando o condutor estea presente.
- f) Os vehículos en servizo oficial, debidamente identificados, propiedade de organismos do Estado, Comunidade Autónoma, Provincia ou Municipio que estean destinados directa e exclusivamente á prestación dos servizos públicos da súa competencia, cando estean a realizar tales servizos así como os de compañías

prestadoras de servizos públicos necesarios polo tempo indispensable para realizar o seu labor.

g) Os vehículos destinados á asistencia sanitaria que pertencen á Seguridade Social ou Cruz Vermella Española e as ambulancias, mentres estean a prestar servizo, ou profesionais debidamente acreditados.

h) Os vehículos automóbiles en cuxo interior permaneza o condutor ou pasaxeiro maior de idade, sempre que o tempo de estacionamento sexa inferior a cinco minutos.

i) Os vehículos de servizos funerarios, cando estean a prestar servizos.

j) Os vehículos vinculados a unha tarxeta de estacionamento para minusválidos ( nos termos previstos na correspondente ordenanza ), nas prazas reservadas a minusválidos.

#### **Artigo 6º. –**

As vías públicas que constitúen a zona de aplicación deste servizo público, serán obxecto da debida sinalización horizontal ou vertical, segundo se determina no Regulamento Xeral de Circulación (Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro).

#### **Artigo 7º. –**

1.- Co obxecto de garantir o cumprimento do presente Regulamento, o servizo de estacionamento regulado de vehículos na vía pública estará dotado dos medios materiais e persoais necesarios, así como dos medios do control que aseguren a eficacia e efectividade do servizo. O citado servizo poderá xestionarse de xeito directo ou indirecto, sendo unha das formas posibles de xestión indirecta a da concesión.

2.- O Concello polos seus propios medios ou través dos que lle preste, se é o caso, o concesionario do servizo, expedirá os documentos que acrediten a autorización dos diferentes estacionamentos que se produzan dentro do horario establecido nas rúas obxecto da prestación do servizo e que poderán ser os seguintes:

a) Ticket horario de aparcadoiro, obtido en máquinas expendedoras instaladas na vía pública, coa introdución de moedas, e indicará o día, o mes e a hora e os minutos máximos autorizados de estacionamento e a cantidade pagada.

b) Tarxeta de vehículos con distintivo de residentes, neste caso, a tarxeta indicará a zona ou rúas na que se ten a consideración de residente.

c) Tarxeta para vehículos de minusválidos ( nos termos previstos no seu correspondente ordenanza ).

3.- Ademais das anteriores, en casos excepcionais e en razón do interese público da actividade desenvolvida, a Alcaldía, ou se é o caso, a Xunta de Goberno Local por delegación, poderá outorgar "tarxetas especiais" co horario que nestas se determine, podendo mesmo ser ilimitado.

Estas tarxetas especiais terán validez polo período de tempo (non superior a un

ano) e na zona ou zonas que nestas se estableza. Polos mesmos motivos que para a súa concesión, poderán ser renovadas.

O procedemento para o outorgamento destas tarxetas especiais será o seguinte:

- a) Inicio do procedemento, de oficio ou por solicitude do interesado.
- b) Proposta da concellaría delegada. A proposta deberá conter expresamente:

- os motivos excepcionais de interese público relacionados coa actividade a desenvolver e que motivan a súa concesión
- a zona ou zonas nas que se permitirá o estacionamento
- o horario no que se permitirá o estacionamento (poderá ser ilimitado)
- o período de tempo de validez (non superior a un ano)

Para a elaboración da proposta poderanse realizar as comprobacións que considere oportunas e solicitar os informes que se consideren pertinentes. En tal caso, incorporaranse ao expediente.

- c) Dictame da Comisión de Persoal, Tráfico e Seguridade Cidadá.
- d) Resolución da Alcaldía ou, no seu caso, acordo da Xunta de Goberno Local por delegación

As tarxetas especiais poderán ser renovadas polos mesmos motivos que para a súa concesión.

### **Artigo 8º. –**

Establécense dúas áreas de estacionamento para residentes: o Casco Vello e as restantes que determine o Concello dentro da zona ORA.

Os requisitos para a obtención da tarxeta de residente serán os seguintes:

#### **1.- Casco Vello:**

- a) Estar empadroado e ter o domicilio nalgunha das rúas que formen parte do Casco Vello.

- b) Número de tarxetas:

-Para os solicitantes que non dispoñan de praza de garaxe no Casco Vello: ata un máximo de dúas tarxetas.

-Para os solicitantes que dispoñan de máis vehículos que prazas de garaxe no Casco Vello: unha tarxeta.

A dispoñibilidade de praza de garaxe poderá ser en réxime de propiedade, aluguer ou calquera outro.

En casos excepcionais, e de existir máis prazas de residentes que tarxetas concedidas, poderán outorgarse tarxetas provisionais aos solicitantes que non cumpran os requisitos sinalados, cunha duración máxima de 6 meses, que non serán obxecto de renovación en caso de que as tarxetas excedan do número de prazas.

O horario de estacionamento para residentes no Casco Vello serán as vinte e catro horas do día, e será exclusivo para os que acrediten tal condición coa tarxeta expedida polo Concello, que levará un distintivo que acredite o seu uso exclusivo nesta zona e indicará o número de matrícula do vehículo autorizado.

2.- Resto de zonas:

a) Estar empadroado e ter o domicilio nalgunha das rúas que formen parte da zona ORA

(exceptuando o Casco Vello)

b) Número de tarxetas:

-Para os solicitantes que non dispoñan de praza de garaxe en propiedade en zona ORA: ata un máximo de dúas tarxetas.

-Para os solicitantes que dispoñan de máis vehículos que prazas de garaxe en propiedade en zona ORA: unha tarxeta.

A dispoñibilidade de praza de garaxe será en réxime de propiedade.

3.- Requisitos comúns para ambas as dúas zonas:

As tarxetas concederanse para vehículos turismos, mixtos ou asimilables, cunha validez anual, sen posibilidade de redución para períodos inferiores ao ano.

Para a obtención da tarxeta deberá presentarse a correspondente solicitude no rexistro xeral do Concello ou en calquera dos lugares que establece o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, da correspondente solicitude. Os servizos do Concello elaborarán un modelo de solicitude. Os trámites deste procedemento incluíranse na sede electrónica de modo que poidan realizarse a través de medios electrónicos.

A solicitude, debidamente cuberta, irá acompañada de:

-Fotocopia do permiso de circulación do vehículo que deberá estar domiciliado, en todo caso, no Barco de Valdeorras.

-Declaración xurada de estar ao día coa facenda municipal.

-Declaración xurada do número de prazas de garaxe de que dispón e do número de vehículos indicando a súa matrícula.

-Declaración xurada de estar empadroado no Barco de Valdeorras.

Presentada a solicitude:

a) Os servizos municipais de estatística comprobarán que o solicitante está empadroado no domicilio que se indica.

b) Os servizos municipais de recadación comprobarán que o solicitante se encontra ao corrente de calquera obriga de carácter económico co Concello, incluíndo en todo caso o imposto sobre os vehículos de tracción mecánica e as sancións firmes de tránsito impostas polo Concello.

- c) Os servizos municipais de xestión tributaria informarán sobre a titularidade catastral das prazas de garaxe do solicitante e sobre a titularidade de vehículos, sen prexuízo da comprobación da dispoñibilidade de prazas e do número de vehículos por outros medios adicionais (policía local, etc).
- d) Unha vez estimada a solicitude, retirárase a tarxeta no departamento correspondente do Concello, logo de realizar o pagamento da cantidade establecida na correspondente ordenanza fiscal reguladora da taxa ou, de ser o caso, na tarifa de prezos privados correspondente.
- e) A validez da tarxeta computárase por ano natural.
- f) O estacionamento do vehículo fóra da zona ORA que lle corresponde a cada tarxeta supoñerá que o suxeito deberá obter o correspondente ticket horario de aparcadoiro como calquera outro suxeito.
- g) A tarxeta correspondente deberá levarse no parabrisas dianteiro e nun lugar visible.

#### **Artigo 9º. –**

Para estacionar dentro das zonas reguladas polo presente Regulamento, deberá exhibirse na parte interior do parabrisas do vehículo, de forma totalmente visible dende o exterior:

- ou ben o ticket expedido por expendedor automático instalado para o efecto na zona onde se efectúe o estacionamento, que servirá como comprobante horario.
- ou ben a correspondente tarxeta de residente, especial ou de minúsvalido.

#### **Artigo 10º. –**

No caso de aviso de denuncia por superar o tempo de estacionamento permitido, sempre que non sexa maior a tres horas, o usuario poderá anular a tramitación da denuncia mediante a obtención nas mesmas máquinas expendedoras, dun ticket especial en función do prazo de exceso ( unha, dous ou ata tres horas) no que constará a hora da súa expedición. Este ticket post-pagado, xunto co primeiro e co aviso de denuncia, serán introducidos nun pequeno sobre na caixa de correo situada en cada aparato expendedor.

#### **Artículo 11º.-**

Aqueles vehículos que reciban aviso de denuncia, por estacionar en zona O.R.A sen ticket, sempre que non transcorresen máis de dúas horas dende a formulación do aviso de denuncia, poderán anular a tramitación da denuncia mediante a obtención nas mesmas máquinas expendedoras, dun ticket especial. Este ticket post-pagado xunto co aviso de denuncia, serán introducidos nun pequeno sobre na caixa de correo situada en cada aparato expendedor

#### **Artigo 11º. –**

Apreciaranse como infraccións a esta Ordenanza, durante o horario de

funcionamento do servizo, sendo consideradas como infraccións de estacionamento de vehículos en lugar prohibido:

- a) O estacionamento efectuado por espazo de tempo superior ao sinalado no ticket.
- b) O estacionamento fose do perímetro sinalado na calzada como zona de aparcadoiro.
- c) Permanecer estacionado máis de 125 minutos consecutivos nunha mesma rúa ou praza, durante as horas de actividade do servizo.
- d) O estacionamento efectuado sen ticket válido.
- e) Utilizar unha tarxeta de autorización de estacionamento anulada ou manipulada.
- f) Utilizar un ticket horario de aparcadoiro manipulado
- g) Utilizar unha tarxeta de autorización de estacionamento en vehículo distinto ao que aparece sinalado no devandito documento.

As infraccións descritas denunciaranse polos axentes da autoridade. En caso de concesión do servizo, os vixilantes da empresa concesionaria do servizo poderán formular denuncia voluntaria que anunciarán documentalmente no parabrisas do vehículo e na que se indicarán os datos deste, así como a presunta infracción cometida

#### **Artigo 12º. –**

A infracción por este estacionamento prohibido será sancionada pola Alcaldía con multa de:

-30 euros polas infraccións dos apartados a), b) e c).

-48 euros polas infraccións do apartado d).

-90 euros e retirada da "acreditación de autorización de estacionamento" nas infraccións dos apartados e), f) e g)

O pagamento da multa efectuado dentro dos dez días seguintes á notificación da denuncia levará consigo unha redución do 50 por 100 do seu importe.

Sen prexuízo dos exposto, denunciarase polos axentes da Policía Local as infraccións non previstas anteriormente que se cometan en zona O.R.A (ou en calquera outra vía de titularidade municipal), e que se recollen como tales no Regulamento Xeral de Circulación, na Ordenanza Municipal Reguladora da Circulación e demais normativa en vigor en materia de tráfico e seguridade vial.

#### **Artigo 13. –**

Procederase polo Concello á retirada e traslado ao depósito municipal dun vehículo cando permaneza estacionado en lugares habilitados para o estacionamento de residentes sen colocar o distintivo que o autoriza, cando, sen dispoñer de ticket habilitante, permaneza máis de dúas horas no mesmo lugar ou, cando dispoñendo de ticket, supere o tempo aboado en máis de tres horas.

Ademais, e previa á retirada do vehículo, será obrigatoria a formulación da oportuna denuncia polos Axentes da Autoridade.

A retirada de vehículos prevista neste artigo ten o seu fundamento na necesidade de recuperar, pola autoridade municipal, a libre dispoñibilidade do espazo público indebidamente ocupado, e iso de conformidade co disposto nos artigos 70 e 71 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial e demais normativa vixente en materia de tráfico e seguridade viaria.

### **Disposición final.**

Única. -O presente Regulamento entrará en vigor unha vez que este sexa aprobado definitivamente e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Sen prexuízo diso, a súa aplicación efectiva non se producirá en tanto o Concello, xa sexa a través de xestión directa ou indirecta, dotase os medios persoais e materiais necesarios para a súa posta en práctica.

Segunda. - No non previsto neste Regulamento estarase no pertinente ao disposto na normativa sobre tráfico, Circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, así como ás correspondentes Ordenanzas Municipais.

Terceira. - As normas contidas neste Regulamento continuarán en vigor ata a súa modificación, actualización, acomodación, ou derogación expresa.

Cuarta. - Autorízase á Alcaldía a ditar cantas instrucións sexan precisas para a correcta aplicación do presente Regulamento.

### **10º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, Moción do Grupo Municipal Socialista relativa a rexeitamento do repagamento dos comedores escolares.**

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o sr. Alcalde concédelle a palabra ó concelleiro delegado de Educación, sr. Alonso Araújo, quen di que hai unha emenda presentada polo BNG de substitución ou de adición ó acordo que se quere aprobar, dando lectura á mesma que copiada literalmente di: 1º O Concello de O Barco manifesta o seu total rexeitamento ao repagamento do servizo de comedor escolar que pretende establecer a Xunta de Galiza para o vindeiro curso, por ser un novo machadazo ás clases traballadoras. 2º Instar á Xunta de Galiza a non establecer un novo copago no servizo de comedores escolares. 3º Demandar da Xunta de Galiza velar polo dereito á educación, garantir un servizo de comedor escolar de calidade para o alumnado que o necesite, 4º Instar á Xunta de Galiza a ampliar o servizo de



comedor gratuito ao alumnado con poucos recursos económicos do ensino infantil e de primaria.

Sometida a votación a emenda presentada polo Grupo Municipal do BNG é aprobada por dez votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, e sete en contra do P.P., sendo introducida no presente acordo.

Fai uso da palabra o concelleiro sr Alonso Araujo quen dá lectura da moción, que copiada literalmente di:

### **“MOCIÓN INSTANDO AO REXEITAMENTO DO REPAGAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Xunta de Galicia veu de anunciar nas primeiras semanas do mes de Marzo un incremento nas taxas polo uso dos comedores escolares limitando o acceso aos mesmos a unha gran parte dos alumnos/as e encarecendo notablemente o uso dos mesmos, con criterios estrictamente economicistas.

O mantemento dos servizos públicos sústéntase nos principios de solidariedade e progresividade fiscal. A Xunta de Galicia rechazou recentemente, na tramitación dos presupostos autonómicos do 2013, unha proposta do PSdeG-PSOE referida ao incremento do tipo máximo no tramo autonómico do IRPF para as rentas máis altas na procura de mellorar a progresividade fiscal en Galicia co único argumento de que a efectividade recadatoria da medida proposta polo PSdeG-PSOE sería “irrelevante”.

Na mesma tramitación dos presupostos, o PSdeG-PSOE tamén propuxo a creación dun imposto á banca sobre os depósitos, proposta esta que o PP rexeitou co seu voto en contra do Parlamento de Galicia. Feijoo negouse a apoiar todas esas iniciativas propostas polo PSdeG renunciando así a medidas que afondaban na progresividade fiscal e na idea de que paguen “máis o que máis ten”.

Agora o PP por voz do seu Conselleiro de Educación utiliza o argumento de que “pague máis o que máis ten” para estender e endurecer un repago polo uso dos comedores escolares nun novo ataque á clase media traballadora polo uso dun servizo básico educativo. Esta medida suporá, por exemplo, que moitas familias con dous fillos teñan que pagar 198€ polo uso do comedor no vindeiro mes de abril do ano 2004.

En lugar de incrementar o IRPF para as rentas máis altas ou crear un novo imposto á banca, a Xunta de Galicia prefire subir as taxas polo uso dos comedores escolares ao tempo que despide a miles de profesores e se gasta máis de 3 millóns de euros ao ano na subvención de colexios vinculados á igrexa e declarados ilegais por segregar ao seu alumnado por razón de sexo ou manter intactos os 28 millóns de € que se destinan ao ensino da relixión nos colexios.

Ademais é unha medida especialmente regresiva en Galicia. Se mantemos que o principal reto de futuro que ten a nosa sociedade é o reto demográfico, non podemos deixar pasar medidas que encarezan o custe de mantemento e educación dos fillos. Os nenos son o futuro de todos e debemos socializar os seus custes. Os ingresos non deben vir de taxas senón de impostos, ou do contrario poremos aínda máis trabas a aqueles que están en idade de ter fillos para tomar a decisión de telos. Son as políticas que garanten a gratuidade dos servizos públicos destinados aos fillos, que os considera como gasto social e non familiar, as que poden contribuír a afrontar o reto demográfico.

Estas políticas regresivas do PP soamente serven para afondar máis na grave situación que temos na actualidade.

O repago nos comedores escolares é un paso máis na desigualdade no acceso aos servizos públicos ao que seguirán outras medidas, coa mesma lóxica argumental, como o do repago no transporte escolar.

Polo exposto, e ante o novo ataque do Partido Popular aos cidadáns galegos, o Grupo Municipal Socialista do Concello de O BARCO presenta para o debate e posterior aprobación, a seguinte MOCIÓN

1. O Concello de O Barco manifesta o seu total rexeitamento ao repagamento do servizo de comedor escolar que pretende establecer a Xunta de Galiza para o vindeiro curso, por ser un novo machadazo ás clases traballadoras.
2. Instar á Xunta de Galiza a non establecer un novo copago no servizo de comedores escolares.
3. Demandar da Xunta de Galiza velar polo dereito á educación, garantir un servizo de comedor escolar de calidade para o alumnado que o necesite.
4. Instar á Xunta de Galiza a ampliar o servizo de comedor gratuíto ao alumnado con poucos recursos económicos do ensino infantil e de primaria.”

Concédeselle a palabra ó voceiro do grupo municipal do PP, sr Blanco Paradelo, quen di que estase ante un novo ataque de demagogia e vergoñento do Grupo Municipal Socialista, pois fai un mes díxenlle ao concelleiro Alonso Araújo, aínda que non se recolleu na acta, que unha vez que o alcalde plantexou a modificación das tarifas da gardería municipal, asumindo os parámetros da Xunta porque lle parecían ben que pagara quen máis tivera, e agora presentan esta moción, que na moción fálase do repagamento, pois o copago xa o puxo o goberno bipartito do PSOE e do BNG e daquela lles parecía ben, pero agora non llo parece e que antes era xustiza e agora é un novo ataque. Prosegue dicindo que gústalle máis a emenda que presenta o BNG que a moción en si, ó ser máis completo o acordo pois di a quen ten que dirixirse, e que si se puidera votar aos puntos de que consta o acordo votaría polos números 3 e 4, que co novo sistema vanse a ampliar as prazas de comedor e as familias que non teñan recursos

non van pagar nada, que o equipo de goberno, co seu discurso, sendo os representantes da esquerda deste concello esqueceron o que dixo o expresidente Zapatero de que baixar impostos era de esquerdas, pero baixáronllos ás grandes fortunas, ás grandes corporacións empresariais que practicamente pasaron a tributar o 7% e incluso baixaron o imposto de patrimonio, e cando chegou o PP puxo un imposto máis progresivo, subíndolle os impostos ás rendas máis altas, pero deso vostedes non din nada e seguen co seu discurso. Dí o sr Blanco que como o asinante da moción é o sr Ojea Arias, quería dicirlle que se fixo a moción o seu Grupo é a primeira vez que falan do tema dos colexios e das subvencións a colexios relixiosos, e pensa que estaban de acordo co tema da concertada pois non deixa de ser un servizo público, que tanto o sr. Ojea como el traballaron nun colexio concertado, e que cre que teñen os mesmos dereitos no tema de subvencións, polo que invita ao sr. Ojea Arias a que retire da moción esa frase relativa a colexios vinculados á igrexa. Remata o voceiro do PP dicindo que van votar en contra da moción pero co seu voto particular a favor dos puntos 3 e 4 do acordo.

Concédeselle a palabra ó sr Sierra Nieves, quen di que quere engadir ao que dixo o concelleiro delegado de educación e medioambiente, sr. Araujo, que evidenciase a despreocupación polo ensino público por parte do PP na Xunta de Galicia, provocando o seu deterioro polos sucesivos recortes dos últimos anos, que lle chama a atención que os recortes no ensino público contrastan cos 240 millóns de euros de subvención ao ensino concertado, e que estando completamente de acordo coa moción presentada polo Grupo Municipal Socialista, pensa que ó ter un simple punto no acordo para manifestar o rexeitamento ao repagamento do servizo estaba incompleta e por eso aportou os tres puntos engadidos.

Fai uso da palabra o voceiro do PSdeG-PSOE, sr Ojea Arias, quen di que quere contestar por alusións ao voceiro do PP e dicirlle que si asinou a moción foi por ausencia do concelleiro delegado de educación, que el como extraballador do ensino privado e agora no público, cre que realmente hai unha diferenza moi grande entre as necesidades que se teñen hoxe no ensino público e as necesidades que se están aportando no ensino privado, que non está en igualdade o ensino privado e o público e que este se atopa hoxe en desvantaxe.

Fai uso da palabra o concelleiro delegado de educación, sr. Alonso Araújo, para dicir que o sr. Blanco cando fala da ensinanza concertada está terxiversando o espírito da moción pois en ningún punto dela se fala da ensinanza concertada, dise que a Xunta de Galicia está gastando máis de

tres millóns de euros ao ano en subvencionar colexios vinculados á igrexa declarados ilegais, vinculados ao OPUS, colexios segregacionistas que están volvendo a 50 anos atrás, e por outro lado se di que mantén intactos os 28 millóns de euros que se destinan ao ensino da relixión nos colexios, pero en toda a moción non se fala de suprimir a ensinanza concertada, que fan unha labor, que a gardería ten unhas taxas como ten o conservatorio ou a escola de música, que dito sexa de paso a Xunta de Galicia é incapaz de aportar unha mínima cantidade para o sostemento destes organismos, que non é de recibo que familias con pouco poder adquisitivo teñan que pagar, poñendo o exemplo de que unha nai solteira cun neno, se gaña máis de 1.286 €ó mes vai ter que pagar 4,5€diarios polo mantemento dese neno no comedor escolar, e si o comparamos cunha familia numerosa que gaña máis de 100.000€ esa familia vai pagar 1€ por cada neno no comedor escolar, e eso non é xusto nin equitativo e que o trasfondo real do repago é acabar co rural, pois son os que realmente utilizan os comedores escolares, pois nas cidades a maioría dos comedores escolares xestíonanos as ANPAS, e que o Partido Socialista presentou no Parlamento galego unha serie de emendas aos presupostos nas que xustificaba a maneira de acadar o diñeiro suficiente para evitar todas estas situacións inxustas, como os tres millóns de euros de subvencións de colexios declaradas ilegais polo TSXG, oito millóns de euros de impostos aos grandes patrimonios, catorce millóns de euros polo incremento dos impostos ás rendas máis altas, cincuenta e cinco millóns de impostos á banca, é dicir, que hai diñeiro suficiente para sufragar os 12 ou 15 millóns de euros que se recadaría co aumento do repago, e que esta medida vai supoñer outro problema cos nenos que non podan pagar o comedor e leven tupper que non poden pola lexislación sanitaria comer no mesmo lugar onde coman os que si vaian ao comedor, para os que, segundo declaracións de responsables da Consellería, non teñen previsto onde os van a meter. Di que Zapatero falaba de baixar os impostos, e fai un ano e medio estívose de campaña electoral e é mellor non recordar a promesa electoral feita polo P.P. e comparar como estamos agora mesmo. Remata o sr Alonso dicindo que falta sensibilidade cos menos desfavorecidos e recorda que tanto a Constitución Española, no seu artigo 28 como a LOE, falan de que o ensino básico é obrigatorio e gratuíto, sobre todo no mundo rural, e pola contra, todas as medidas que pensa aplicar o goberno da Xunta de Galicia o que se vai conseguir é despoboar o rural.

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo, quen di que o sr Alonso falaba de como estamos e de momento xa se librou o rescate un par de veces e onte de vendeu débeda a bo prezo, polo que algunha cousa positiva hai, que falou do ensino no rural e ten que recordar que na época do Bipartito pecháronse máis unidades no rural que nesta época, que non se pode facer

demagogia e que por suposto que respecta a LOE, que as familias que realmente o necesitan non va ter ningún problema, pois practicamente o 60% das familias van a beneficiarse da gratuidade e xente que agora paga non vai pagar, que outra medida moi importante de equidade social é a redución do fracaso escolar que se está conseguindo, que co PSOE no goberno aumentaba o fracaso escolar.

Fai uso da palabra o sr. alcalde para preguntar que para que quere o sr. Wert cambiar a lei si xa se acadou a redución do fracaso escolar e que todos os datos que falan do fracaso escolar son de fai dous ou tres anos, os datos do PP aínda non se contaron. Pide desculpas pola interrupción.

Di o sr. Blanco que o que se fai é mellorar a porcentaxe, e que ó sr. alcalde moléstalle que a Xunta de Galicia teña unha boa política educativa e que se vaia reducindo o fracaso escolar.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por dez votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo e Sierra Nieves) e sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez ) o Pleno acorda:

- 1. O Concello de O Barco manifesta o seu total rexeitamento ao repagamento do servizo de comedor escolar que pretende establecer a Xunta de Galiza para o vindeiro curso, por ser un novo machadazo ás clases traballadoras.**
- 2. Instar á Xunta de Galiza a non establecer un novo copago no servizo de comedores escolares.**
- 3. Demandar da Xunta de Galiza velar polo dereito á educación, garantir un servizo de comedor escolar de calidade para o alumnado que o necesite.**
- 4. Instar á Xunta de Galiza a ampliar o servizo de comedor gratuíto ao alumnado con poucos recursos económicos do ensino infantil e de primaria.**

Fai uso da palabra o sr Blanco Paradelo, voceiro do PP, e di que quere explicar que aínda que votan en contra do acordo da Moción, están de acordo cos puntos 3 e 4 do mesmo.

## FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

### **1º Mocións urxentes**

Di o sr Alcalde que se presentou unha moción polo Grupo Municipal do PP sobre bonificacións para vivendas e locais comerciais no ICIO.

Fai uso da palabra o sr Blanco Paradelo que di que a urxencia desta moción é porque dende o mes de xaneiro, cando se presentou a debate a modificación desta ordenanza, o grupo municipal do PP presentara unha emenda con dous puntos pedindo o que hoxe se plantexa nesta moción. Di que o alcalde naquel debate dixo que comprometéase a debatela nas comisións e como xa pasaron dende aquela data unhas doce comisións de obras e non se debate pois tráese ao pleno.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o voceiro do PP, sr Blanco Paradelo dá lectura da moción, que copiada literalmente di:

#### **“NUEVAS BONIFICACIONES PARA VIVIENDAS Y LOCALES COMERCIALES EN EL IMPUESTO DE CONSTRUCCIONES, INSTALACIONES Y OBRAS(ICIO)**

La Ley Reguladora de las Haciendas Locales permite que los concellos establezcan en sus ordenanzas fiscales una bonificación de hasta el 95% sobre la cuota del impuesto a favor de construcciones, instalaciones u obras que sean declaradas por el Pleno de la Corporación como de especial interés o utilidad municipal por concurrir circunstancias sociales, culturales, histórico-artísticas o de fomento de empleo.

Por eso, bajo este amparo normativo, se podría promover la realización de obras de rehabilitación y reforma, dinamizando la economía local con el impulso de importantes sectores laborales, a través de la aplicación de nuevas bonificaciones en el Impuesto de Construcciones, Instalaciones y Obras (ICIO).

De esta manera, desde el Grupo Municipal Popular, proponemos que todas las obras de mejora en las fachadas o cubiertas que se hagan en cualquier vivienda de O Barco, puedan beneficiarse de una bonificación del 50% de la cuota del impuesto. Así mismo, que reciban una bonificación del 75% todas las obras de reforma de los inmuebles destinados a usos comerciales o industriales.

Por todo lo anteriormente expuesto, el Grupo Municipal del Partido Popular propone al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente acuerdo:

Primero.- El concello de O Barco se compromete a modificar la Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto de Construcciones, Instalaciones y Obras para aplicar las siguientes bonificaciones:

- 50% para las obras de mejora de fachada, de cubiertas y sustitución de canalones que se realicen en inmuebles destinados a viviendas.
- 75% para todos los proyectos de obra nueva, acondicionamiento o reforma de locales con destino a uso industrial, comercial o profesional.

Segundo.- El concello informará de este acuerdo a las comunidades de propietarios y a las asociaciones de carácter empresarial y comercial del municipio.”

Prosegue facendo uso da palabra o sr. Blanco dicindo que se o impedimento para aprobar a moción é a porcentaxe que figura non habería inconveniente en acordar outra.

Concédeselle a palabra ao sr Sierra Nieves, que di que está de acordo coa moción presentada polo PP, aínda que pensa que teñen que emitirse informes de Secretaría e de Intervención, polo que propón debatela en Comisión xa incluídos os informes citados e non habería ningún problema en votala daquela ou volvela a votar en todo caso.

Fai uso da palabra o sr Alcalde quen di que como sempre se fixo aquí, a decisión de que unha moción quede sobre a mesa será sempre unha decisión do propoñente que a presenta, posto que deixala enriba da mesa cos votos dos demais pois é votar que non á moción. Di que aínda que na propia moción fábase do que di a Lei, a propia Lei xera moitas dúbidas e non queda claro que o que se propón poida ser axustado á legalidade, e que a pregunta que se fai é se cando un veciño solicita unha bonificación por unha fachada é o mesmo unha fachada dunha vivenda unifamiliar ou dunha comunidade de veciños, ou é o mesmo unha fachada no núcleo rural ou no casco vello, e porque se debe considerar de interese social ou de fomento de emprego o arranxo da vivenda e outras actuacións non e que todo esto non é tan sinxelo. Di que o PP dixo no seu día que habería que bonificar as fachadas e segue co mesmo tema de bonificar as fachadas, e que evidentemente o seu grupo vai votar en contra da moción, entre outras cousas tamén pola celeridade co que se veu a moción cos técnicos municipais, e que en definitiva que non van votar a favor porque lle xera suficientes dúbidas sobre a legalidade e a xustiza por non responder a un plan determinado que sexa concreto como cando se decidiu no seu día bonificar calquera tipo de obras do casco vello e nos núcleos rurais tradicionais, pois evidentemente son espazos que hai que protexer, que tampouco parece razoable que dúas administracións subvencionen a mesma obra, posto que a Xunta neste

momento subvenciona a reparación de tellados, aínda que o ano pasado houbo xente que pediu a subvención e cando rematou a obra non puido cobrar porque xa non había diñeiro da subvención, tendo que pagar a obra sen ningún tipo de axuda.

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo quen di que se o sr Alcalde falara coa Asociación de Colocadores de Pizarra diríanlle que están moi satisfeitos precisamente porque a xente que solicitou a subvención cobrou, e a que non cobrou foi porque non cumprirían algúns dos requisitos para obter a subvención, que o grupo de goberno non apoia esta moción porque a presenta o PP, pero que ten exemplos de moitos concellos, algún gobernado polo PSOE como o de Vigo que conceden bonificacións do 75% para arranxo de fachadas, que este momento é o máis idóneo dende o punto de vista do fomento do emprego e sobre os criterios de igualdade dos que fala o alcalde, non hai criterio de igualdade entre unha persoa que vive no Casco Vello e pode acollerse á bonificación e outra persoa que vive a 50 metros do Casco Vello non pode, eso non é xustiza nin igualdade, que non se pode escudar o alcalde en que non tivo tempo de estudar a moción, pois é unha moción dun folio cunha idea moi clara e un acordo moi claro baseado nunha proposta feita en xaneiro, que se o alcalde tivera intención de aprobar a moción presentaría algunha emenda. Pregúntase o sr Blanco se era xusto a decisión do equipo de goberno do pasado verán de bonificar o 95% das licenzas de pintado de fachadas e que debe manterse o mesmo criterio. Remata o concelleiro insistindo que este é o momento idóneo para incentivar e fomentar o emprego, e que pensa que se poden sumar outras axudas para a mesma obra.

Di o alcalde que na sesión plenaria no mes de xaneiro houbo un debate sobre o que se está a tratar, a raíz dunha bonificación de ICIO que se denegaba, e o equipo de goberno estudando o tema chegou a unha conclusión e que como xa anunciou na comisión de Facenda a proposta de ingresos está terminada fai algo máis dun mes, co seu informe correspondente, ó igual que a proposta dos gastos, aínda que non está terminada pois falta facer o informe de estabilidade, informes e requirimentos que ocupan ao ano o 30 ou 40% do tempo dos técnicos de Intervención para remitir documentación que pide o Ministerio, que el o día 5 de marzo de 2013 remitiu ó Interventor o estado de gastos e nese estado de gastos non se pretende favorecer vía redución do ICIO, posto que no ano 2012 polo imposto de construcións, de arranxo de fachadas, canalóns e locais comerciais recadou o Concello 3.804€, e facendo unha redución do 50% os cidadáns aforrarián 1.900€ pero si que se pretende fomentar o emprego para o que se prevé unha liña de subvencións dotada de 15.000€



para subvencionar o arranxo de fachadas, que o maior ICIO que se pagou por arranxo de fachadas foi un de 605€ e logo tres ou catro de 300€ e a maioría son de menos de 100€ e que o que se propón nos orzamentos é o arranxo de fachadas pero non calquera fachada, por eso o Grupo Socialista non está de acordo co debate, posto que non ten sentido subvencionar o arranxo de fachada dunha comunidade de veciños, con 18 o 20 veciños, e si ten sentido beneficiar e recuperar os pobos para que adquiran outra prestanza e non se caian as casas. Di que a proposta do Grupo de goberno é crear ditas subvencións para o Casco Vello e núcleos rurais, para tratar de recuperalos e que a xente compre esas casas, as arranxen e teñan outro aspecto e lle dean vida aos pobos, que esa a esa contía prevista haberá que esperar ao informe de estabilidade e a ver o que di o ministro Montoro, non vaia a ser que haxa que recortar o orzamento e reducir de todas as partidas, pero de todas formas haberá que facer unha ordenanza e intentarase que veña no mesmo Pleno que os orzamentos, si é posible na sesión de Maio. Di o alcalde que esta proposta de subvención é poñer diñeiro para que haxa obras pero cunha finalidade que é a de recuperar os núcleos rurais e recuperar o Casco Vello e na ordenanza verase se procede tamén o arranxo de locais comerciais. Remata o sr. alcalde dicindo que o que expuxo son parte das razóns polas que o seu Grupo vai votar en contra da Moción.

Rematado o debate, procédese á votación da moción presentada co resultado de que en votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos en contra (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo) e oito votos a favor (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez e Sierra Nieves ) o Pleno do Concello non aproba a moción presentada.

## **2º Rogos e preguntas**

Pide a palabra o sr. Moldes Gómez para facer un rogo consistente en que o presidente lle diga ao concelleiro Luis Arias Fernández que permaneza calado durante as intervencións na sesión.

Di o sr Alcalde que el llo di pero si nalgún pleno estivo calado foi precisamente no que se está a celebrar, e que para un que está calado chámasele a atención.

**3º Dación de contas: Informe das resolucións da Alcaldía 7 bis/13, 7 ter/13, 26 bis/13, 26 ter/13, 28 bis/13, 30 bis/13, 34 bis/13, 34 ter/13, 40 bis/13, 40 ter/13 e 67 bis/13 e dende o nº 75/13 ata o nº 144/13, e das actas da Xunta de Goberno Local de 28 de febreiro e 7, 14 e 21 de marzo de 2013.**

A Presidencia dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen as 7 bis/13, 7 ter/13, 26 bis/13, 26 ter/13, 28 bis/13, 30 bis/13, 34 bis/13, 34 ter/13, 40 bis/13, 40 ter/13 e 67 bis/13 e dende o nº 75/13 ata o nº 144/13, e das actas da Xunta de Goberno Local de 28 de febreiro e 7, 14 e 21 de marzo de 2013.

E non habendo máis asuntos que tratar polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 21:15 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez